

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 04/03/2017.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D^a Sabela Iñiguez Cinza.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D. Manuel Beceiro Couce.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D. Manuel Romero Castrillón.
D^a María Belén Trigo Meizoso.
D. Eduardo Lourido Doval.

Concelleiros ausentes:

D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta minutos do día catro de marzo de dous mil dezasete, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezaséis de febreiro do presente ano dous mil dezasete. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Dase conta da implantación dun sistema de creación de decretos da Alcaldía por vía telemática, con data do 01/02/17, e dos decretos emitidos en 2017, dos que xa se deu conta á Xunta de Goberno e que son os seguintes:

Data	Número	Materia
02/01/2017	1	Prórroga do presuposto
02/01/2017	2	Aprobación de factura
02/01/2017	3	Aprobación de facturas
02/01/2017	3b	Contratación de técnico en urbanismo para substitución da arquitecta

12/01/2017	4	Aprobación de factura
23/01/2017	5	Creación de comisión de valoración Centro Municipal de Empresas
27/01/2017	6	Aprobación da valoración das solicitudes iniciais do CME
27/01/2017	7	Aprobación da valoración de solicitude do CME
27/01/2017	8	Aprobación da valoración de solicitude do CME
26/01/2017	9	Baixa de horas complementarias EIM A Rolada
27/01/2017	10	Concesión de praza en EIM A Rolada
30/01/2017	11	Solicitude de adhesión ao P.I.L. 2017 Deputación
08/02/2017	12/2017	Solicitude de subvención
09/02/2017	13/2017	Adxudicación de local do Centro de Empresas
09/02/2017	14/2017	Adxudicación de local do Centro de Empresas
09/02/2017	15/2017	Adxudicación de local do Centro de Empresas
14/02/2017	16/2017	Adxudicación de local do Centro de Empresas
14/02/2017	17/2017	Resolución de alegacións en expediente disciplinario
15/02/2017	18/2017	Adxudicación de local do Centro de Empresas
15/02/2017	19/2017	Aprobación lista provisional solicitantes prazas AAF
17/02/2017	20/2017	Solicitude de subvención para infraestructuras
17/02/2017	21/2017	Solicitude de subvención para FCA 2017
17/02/2017	21/2017	Autorización para modificación de xornada na Escola Infantil

A Corporación queda enterada do contido desas resolucións.

TERCEIRO. TOMA DE RAZÓN DE RENUNCIA DA CONCELLEIRA SILVIA FERNÁNDEZ MUIÑO.

Dase conta da presentación no rexistro de documentos do Concello de escrito asinado pola concelleira Silvia Fernández Muiño, pertencente ó grupo municipal do PP, o día 22/02/17. Nese escrito, a Sra. Fernández Muiño formalizaba a renuncia voluntaria ó cargo que ocupa neste Concello desde que tomou posesión do cargo de Concelleiro o día 18/06/15, tras las elecciones de maio de 2015. A renuncia non será efectiva ata o seu sometemento ó Pleno do Concello, é decir, ata a data de hoxe.

En cumprimento do indicado nos artigos 9.4 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aprueba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, a Corporación queda enterada e toma coñecemento da renuncia ó cargo de Concelleira deste Concello de San Sadurniño que realiza Silvia Fernández Muiño, e dispón que se comunique este acordo á Xunta Electoral Central para que remita as credenciales de Cristina Calvo Tuimil, seguinte na lista das persoas que concorreron ás últimas eleccións municipais polo Partido Popular, tras o falecemento de Hipólito Yáñez Cascudo hai uns meses, para que poida tomar posesión do seu cargo coa brevidade posible.

CUARTO. APROBACIÓN DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO.

Dase conta polo Sr. Alcalde de que se acadou un acordo entre os tres grupos políticos da Corporación para suscribir conxuntamente unha declaración institucional, que se fará pública o próximo día 8, con motivo da celebración do Día da Muller.

QUINTO. MOCIÓN DO PP SOBRE O PLAN ÚNICO DE CONCELLOS APROBADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dase conta do contido da moción presentada polo PP con data do 24/02/17, que o Sr. Romero resume brevemente, insistindo na conveniencia de garantir o mantemento das cantidades

recibidas en anos anteriores, como di que xa se acordou en máis concellos, e cuxa parte dispositiva literalmente di o seguinte:

"1 Que Deputación da Coruña garanta que o Concello, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).

2. Que a institución provincial comprométase a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan Único dos Concellos os remanentes de tesourería que se vaian xerando ao longo do exercicio económico do 2017."

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Soto di que, como xa se dixo na sesión anterior, o Plan único supón un cambio do modelo de financiación local dinámico e flexible, que incrementa a autonomía local e que foi acordado co 95% de apoios, aínda que co voto en contra do PP, de maneira que a Deputación, aínda que nain debería existir e non ten sentido, se limite a redistribuir os cartos entre concellos con criterios obxectivos, como os utilizados para o POS. Di tamén que a proposta do PP non é realizable técnicalemente por causas derivadas da xestión dos créditos dentro do presuposto corrente, e que os ingresos que percibirá o Concello serán similares ou superiores, pero que non se permitirá cambio de modelo algún, porque o 100% dos alcaldes están conformes con esta modificación.

O Sr. Lourido manifesta a súa disconformidade coa moción, defendendo a actuación da Deputación e do seu presidente, xa que se incrementa a participación equitativa dos concellos na financiación, sendo beneficioso para a autonomía local, polo que anuncia que presentará unha moción para instar á Xunta a actuar nesta mesma liña.

Interven finalmente o Sr. Alcalde para puntualizar que estes criterios de reparto son unha reivindicación histórica do municipalismo e que soamente xunta nun mesmo plan outras convocatorias que antes publicábanse separadamente, basándose nos criterios do POS, nos que hai consenso xeral.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos contrarios, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dous votos favorables, dos concelleiros presentes do PP, acorda rexeitar a moción de que se trata.

SEXTO. MOCIÓN DO BNG INSTANDO A AUGAS DE GALICIA A EXECUTAR O SANEAMENTO NA ZONA DE PIÑEIROS.

Dase conta do contido da moción presentada polo BNG con data do 27/02/17, que o Sr. Soto resume brevemente e que literalmente di o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2008, e por encargo da Consellaría de Medio Ambiente, o concello redactou un proxecto técnico para dotar de saneamento a zona de Piñeiros. Dita obra, que sería fundamental para continuar estendendo o saneamento para a zona de Silvalonga, estaba valorada en case 200.00

euros. Ademais do proxecto o concello puxo a disposición da Consellaría toda a documentación requirida para poder executar dita obra. Co cambio de goberno na Xunta de Galiza, no ano 2009, este compromiso foi incumprido. No ano 2012, ante a insistencia municipal, e logo dunha xuntanza dos alcaldes de San Sadurniño e Narón, coa presidencia de Augas de Galicia na que lles manifestamos a vontade de colaboración e de prestar servizos conxuntamente entre dous concellos limítrofes, nun momento no que a propia Xunta "prima" a colaboración entre concellos, como así o demostran moitas das ordes de subvencións, reactivase de novo o proxecto de saneamento destas zonas limítrofes entre San Sadurniño e Narón. A petición de Augas de Galicia vólvese a enviar un novo proxecto, desta volta valorado en 252.000 euros e toda a documentación que nos foi requirida. Pasaron máis de catro anos e seguimos esperando que a Xunta cumpra o seu compromiso

Pola contra vemos como recentemente este mesmo organismo publicou os convenios asinados cos diferentes concellos galegos, entre xuño e agosto de 2016, para a execución de proxectos de saneamento e dos que San Sadurniño ficou excluído. Os criterios cos que se levou adiante este reparto de fondos públicos foi totalmente clientelar e partidista.

Os recursos que Augas de Galicia pon a disposición dos concellos teñen que ser repartidos con criterios obxectivos para o que sería preciso elaborar un baremo que, en primeiro lugar, "compense" aos concellos que, polos motivos anteriormente citados, non se beneficiaron dos fondos repartidos discrecionalmente e, posteriormente, por en marcha un sistema de reparto dos cartos que se sustente en criterios de transparencia e obxectividade e no que se teñan en conta variabéis como a superficie e a dispersión dos núcleos de poboación.

Por todo iso, o Pleno da Corporación Municipal de San Sadurniño

ACORDA:

- a) Instar ao organismo público Augas de Galiza a elaborar un Plan de Actuacións que fixe uns criterios obxectivos para o reparto de fondos destinados aos concellos para acometer obras de saneamento*
- b) Promover unha xuntanza co Concello de Narón para demandar de Augas de Galicia a execución do saneamento comprometido na zona de Piñeiros"*

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Soto resume a historia desta reivindicación xa histórica, que se inicia en 2008, sendo conselleiro Pachi Vázquez, cando xa se remitiu un proxecto a Augas de Galicia para esta actuación, que leva parada desde o cambio de goberno no 2009. Posteriormente sumouse á solicitude o Concello de Narón, e o proxecto rectificouse para incluír algunhas vivendas dese concello na mesma zona á que inicialmente afectaba o proxecto. A última petición dirixiuse á Xunta en 2012, sen que se recibira resposta ata agora, polo que se solicita que se elabore un plan de actuacións de carácter obxectivo.

O Sr. Lourido tamén critica a inacción de Augas de Galicia, que retrasa un importante proxecto conxunto entre dous concellos limítrofes que pretende mellorar a calidade de vida da veciñanza.

O Sr. Romero interven de seguido para dicir que xa existen criterios obxectivos para priorizar os investimentos de Augas de Galicia, os acordados coa Fegamp nunha xuntanza do día 22 de febreiro, e hai tamén un plan que recolle eses criterios e as finalidades dos investimentos correspondentes. Augas de Galicia realiza investimentos para resolver problemas e favorecer a prestación de servizos polos concellos, e invistiu dende 2009 máis de mil cen millóns de euros a tal finalidade, máis de 54 no 2016. Remata decindo que o PP podería apoiar a moción sempre que se modifique o seu punto 1º, instando á Xunta a continuar na liña iniciada.

O Sr. Soto di que no, que esa é unha emenda-trampa, que cando non se quere facer nada, se crea unha comisión e que aínda non hai nin unha proposta de criterios. Di tamén que dos convenios publicitados por a propia Augas de Galicia, a maioría foron con concellos do PP, semella que nos que goberna o BNG non se fan obras de saneamento, o que lle parece vergoñento, como se quixeran rir de todos. Pola súa banda, seguirán a pelexar polo saneamento de Piñeiros.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

SÉTIMO. MOCIÓN DO BNG SOBRE MEDIDAS PARA PALIAR OS EFECTOS DO "CATASTRAZO".

Dase conta do contido da moción presentada polo BNG con data do 27/02/17, que o Sr. Soto resume brevemente e que literalmente di o seguinte:

"O Goberno do Partido Popular aprobou a finais de 2012 a Lei 16/2012, que incorporaba medidas tributarias en diversos ámbitos. Esta norma era continuadora da política fiscal emprendida desde a chegada ao Goberno central do Partido Popular, que se caracterizou por realizar subidas xeneralizadas nos impostos que pagan as maiorías sociais (subidas nos tramos medios do IRPF, subida xeral do IVA e dun xeito agravado en produtos culturais), así como a introdución de copagamentos sanitarios e farmacéuticos. Unha política de rigor e exixencia fiscal para as rendas medias e baixas e laxitude e permisividade coas rendas altas e as grandes fortunas.

A política fiscal do PP tamén tivo repercusión nos impostos locais. Lembremos que a finais de 2011, nada máis chegar ao poder, aprobou un primeiro "catastrazo", a través do Real Decreto-Lei 20/2011 que chegou a elevar o gravame mínimo nos concellos no Imposto de Ben Inmóbeis (IBI) para os anos 2012 a 2015.

Coa Lei 16/2012 consúmase un segundo "catastrazo", ao recoller un proceso de regularización catastral. Ademais, xustifícase dito proceso "no obxectivo da mellora contra a fraude fiscal", cando vai dirixido sobre todo a bens situados en solo rústico, que nunha boa parte de casos son anexos ou instalación asociadas á actividade agrícola.

Por outra banda, os diversos estudos publicados sobre a fraude fiscal non apuntan ao catastro como unha das principais fontes de elusión fiscal. Recentemente, os propios técnicos da Axencia Tributaria, a través do seu sindicato GESTHA, puxeron de manifesto que o Plan de control tributario do Ministerio de Facenda "deixa impune o 81,6 % da evasión fiscal", e que "centra a súa investigación no contribuínte medio para conseguir os seus obxectivos de control tributario e loita contra a fraude fiscal". Engade ademais, que os resultados da loita contra a fraude fiscal foron negativos, pois "aséntanse nunha investigación desequilibrada que pon a lupa sobre os contribuíntes con menores ingresos –como son as pequenas empresas, os autónomos e traballadores/as que representan o 56 % da débeda descuberta pola inspección- no canto de

perseguir a fraude sofisticada de multinacionais e corporacións empresariais”.

Ao longo de 2015 e 2016, a Dirección Xeral do Catastro activou en Galiza dito proceso extraordinario de regularización catastral, afectando a día de hoxe xa a máis de 240 concellos. A maior parte de ditos concellos son eminentemente rurais, precisamente aqueles que presentan índices de renda per capita máis baixo non se librarán do catastrazo. Moitos dos concellos con maior renda e mesmo onde se desenvolveu con maior empuxe a actividade urbanística nos últimos anos non se inclúen na listaxe da regularización catastral. Unha evidencia máis desa política de control fiscal sobre rendas inferiores, máis desprovistas en canto a capacidade de asesoramento e defensa ante a Facenda, e onde non se persigue como prioridade detectar e actuar contra a fraude fiscal de maiores dimensións e previamente concebida en base a estratexias complexas de enxeñaría financeira e fiscal.

A regularización catastral conleva o pagamento dunha taxa de 60 € por cada alta no Catastro, e ademais implicará un aumento do valor catastral do inmovible revisado e, polo tanto, incrementará tamén a base imponible do IBI. Iso tamén pode ter repercusión indirecta noutros impostos (IRPF, plusvalía municipal, sucesións) e mesmo incluso en subvencións públicas como as becas escolares dado que teñen módulos patrimoniais referenciados no catastro como límites obxectivos para accederen á ditas axudas.

En moitos casos, a variación na realidade física responde sobre todo á propia rehabilitación e restauración de inmóbeis para evitar o seu deterioro, incluso á conservación habitual dos mesmos, e aínda neses supostos os seus propietarios son requiridos para comunicar ditas modificacións. Iso levará, non só a abonar a taxa lineal, senón tamén a soportar un incremento impositivo no IBI simplemente por acometer obras necesarias de mantemento e mellora, tendentes a manter o valor patrimonial, en ningún caso por ter realizado actuacións co fin de aumentar dito valor.

Á vista do exposto estamos perante un procedemento absolutamente inxusto, que se dirixe preferentemente sobre persoas con menor nivel de renda, en concellos con menor dinamismo económico, e sobre todo que afectará a propietarios que teñen as propiedades destinadas á actividade agraria, que ademais atravesa dificultades especiais pola parálise e falta de apoio do Goberno galego.

Dende o Concello de San Sadurniño manifestouse con acordo por unanimidade no Pleno do pasado 7 de maio de 2016, o rexeitamento a este proceso de regularización para o noso territorio municipal por concorrer diversas circunstancias que afectaban de xeito prexudicial á nosa veciñanza, e así quedaba redactado dito rexeitamento no acordo que literalmente dicía:

“PUNTO UNICO. Instar ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas e á Xerencia Rexional do Catastro a que sexan receptivos e teñan en conta as consideracións feitas polo Concello de San Sadurniño na súa comunicación con data de saída de 29 de abril de 2016 de renuncia a entrar no proceso de Regularización Catastral 2013-2016, e que polo tanto San Sadurniño non entre en ningunha das dúas Ordes de HAP que quedan neste proceso”.

Vista a Resolución do pasado 20 de decembro de 2016 da Dirección Xeral do Catastro (publicada no BOE 30/12/2017), que inclúe ao Concello de San Sadurniño nun novo prazo do Proceso de Regularización Catastral 2013-16, queda claro que o Acordo unánime desta corporación non foi atendido polo Ministerio de Facenda do Sr. Montoro.

Esta nova situación provoca que o grupo de goberno municipal estude a posibilidade de executar unha serie de medidas que axuden á veciñanza a pasar este proceso e que palíen os efectos negativos que, no seu cómputo xeral, poda ter sobre os nosos contribuíntes este proceso de Regularización. Deste xeito, sométese á consideración deste Pleno as seguintes medidas:



San Sadurniño

www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- *O concello prestará de xeito gratuíto un servizo de asesoramento catastral para todos aqueles veciños/as que o necesiten durante o período de vixencia do proceso de regularización catastral.*
- *Para paliar as posibles consecuencias que a Regularización Catastral poda traer sobre os bens e as economías dos propietarios, o Concello levará a cabo unha modificación da Ordenanza do IBI nos seguintes termos:*
 1. *Bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor de bens inmobles no que se desenrolen actividades económicas no eido do sector agrogandeiro e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.*
 2. *Unha vez rematado o proceso de regularización e aprobados os novos valores catastrais, estudar a posibilidade de igualar o tipo impositivo dos bens inmobles rústicos cos do IBI Urbana, deixándoo en 0,6."*

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Soto insiste en que a pesar do acordo unánime do Concello en sentido contrario, a regularización vaise aplicar tamén en San Sadurniño.

O Sr. Lourido manifesta a súa conformidade coa proposta, o mesmo que no seu día apoiou a os restantes acordos sobre este tema, porque entende que é unha postura que, cumprindo coa legalidade, favorece á veciñanza.

Interven de seguido a Sra. Trigo, que explica que a cota do Imposto ten unha base imponible, que é o valor catastral, e un tipo que se aplica sobre esa base, e que o determina cada concello. Formula unha proposta de reducir o tipo do IBI rústico, que está no máximo do 0,8, ó tipo do 0,65, anterior á suba aplicada polo BNG, e baixar o tipo en urbana ata o 0,55% como fixo o concello da Capela, e que se considere a posibilidade de aplicar bonificacións de ata o 95% en función do ano de modificación dos valores catastrais, o que podería beneficiar a moitos veciños. Di tamén que a Xunta ten convenios con asociacións que poderían asesorar ó Concello, e que o PP non ten maioría para poder facelo, pero si a ten o BNG.

O Sr. Soto di que xa se están a aplicar bonificacións recollidas nas vixentes ordenanzas fiscais, e que ademáis soamente se poden aplicar as recollidas nas leis. Di tamén que o Concello se implicará na atención e información á veciñanza e que algunhas subidas de impostos xa viñan esixidas polo plan económico financeiro que se fixo cando o PP solicitou un crédito no ano 2007. Di tamén que a revisión das valoracións catastrais fíxose no ano 95, o que limita as bonificacións que se poden aplicar, e que ademáis calquera axuste de tipos debe garantir a suficiencia dos recursos económicos do Concello para facer fronte ás súas obrigas e ós servizos que debe prestar.

A Sra. Trigo di que non piden un tipo concreto nin unha baixada xeralizada de tributos, pero que seguramente se podería facer algún axuste, sobre todo no IBI urbano, que é o que máis grava á xente.

O Sr. Alcalde interven para lembrar que o BNG xa votou en contra dese plan económico financeiro do PP no ano 2007.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

OITAVO. MOCIÓN DO BNG DEMANDANDO MELLORAS NA REDE FERROVIARIA DE VÍA ESTREITA.

Dase conta do contido da moción presentada polo BNG con data do 27/02/17, que o Sr. Soto resume brevemente e que literalmente di o seguinte:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, ao amparo do disposto no regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no propio Regulamento Interno de Funcionamento, presenta ante o pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois das últimas informacións ao respecto da cancelación de inversión de máis de 12,5 millóns de euros para este ano 2017 para o mantemento na vía e nas estacións da liña de ancho métrico, RENFE-FEVE, só nos queda afirmar que asistimos ao derradeiro paso do que supón o DESMANTELAMENTO do ferrocarril da vía estreita no territorio galego por parte do goberno do Estado.

Xa vimos coñecendo nos últimos anos como desde o propio Ministerio de Fomento están a vincularse as axudas de mantemento do servizo cos niveis de ocupación e/ou rendabilidade das liñas, constituíndo este método en si mesmo unha fraude total, posto que a supresión de revisores imposibilita avaliar correctamente a ocupación dos servizos, chegando incluso de facto a nin tan sequera realizar o cobro por parte da empresa ou ter coñecemento de cales son as liñas máis empregadas. Así é que no último ano -2016- leváronse a cabo perto de 600 supresións de servizos en Galiza, así coma retrasos continuados, vías e infraestruturas en mal estado –estacións, apeadeiros, varandas ou pasos-, e iso sen contar coa calidade da maquinaria que circula no territorio galego. Todo para máis unha vez, levar a cabo unha pensada e premeditada política para XUSTIFICAR A SÚA SUPRESIÓN DEFINITIVA. Como consecuencia, sabemos que os datos de ocupación que se poidan tirar de calquera estudio elaborado ou encargado desde o Ministerio de Fomento non poden ser bos, mais sen dúbida é pola errática ou inexistente política comercial e de horarios e servizos que non responden ás necesidades de mobilidade, ademais de todo o anteriormente mencionado. Chegando a cousas tan absurdas como colocar nas estacións un número de tlf do contacto, con sede en Asturias, ao que chamar para solicitar transporte alternativo, no caso de que o tren se retrasase en máis de 15 minutos.

E a imaxe repítese se falamos do transporte de mercadorías, onde no pasado ano 2016 sufriu recortes nos servizos que levou na práctica á desaparición deste tipo de servizo polo territorio galego. Así pois, compañías como Alcoa na súa planta de San Cibrao, onde diariamente unhas 350 toneladas de placa de aluminio saen cara a Amorebieta; ou o mesmo o transporte de madeira, que chegou a mover 36.000 toneladas ao ano, son as grandes prexudicadas levando a facer o transporte por estrada, con todo o que iso supón.

Non entendemos como, xustamente neste momento, coa situación socioeconómica que estamos a vivir no noso país, preténdase prescindir dun servizo ferroviario que pode ser fundamental para a vertebración do territorio, ademais de dinamizador e atractivo para as zonas rurais. Constitúe en si mesmo un medio de transporte público accesíbel a tod@s -economicamente falando- e dos máis

respectuosos para o medio ambiente e polo que desde o Estado non parece estar interesado en manter e promover. En San Sadurniño sabemos ben da necesidade da modernización deste servizo, un medio de transporte que historicamente sempre foi obxecto de uso por traballadores e estudantes cando estes servizos tiñan horarios acaídos ás necesidades destes colectivos, pero que a día de hoxe quedan obsoletos en infraestrutura e inútiles en canto á súa dispoñibilidade social. Por todo isto, o grupo municipal do BNG-AA solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza para que SOLICITE DO MINISTERIO DE FOMENTO os investimentos precisos para garantir un servizo ferroviario de ancho métrico (RENFE-FEVE) polo territorio galego nas mellores condicións posibles. Para o que é preciso melloras dos equipos móbiles, arranxos en estacións, apeadeiros e trazados, vías..., así como aumento de persoal.

2. Instar á Xunta de Galiza para SOLICITAR DO GOBERNO DO ESTADO A TRANSFERENCIA DO SERVIZO FERROVIARIO DE ANCHO MÉTRICO, e así poder levar a cabo a súa promoción, coordinación e integración na rede galega de transporte ferroviario de proximidade."

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Toma a palabra o Sr. Lourido, para dicir que as liñas férreas son bens históricos que pertencen a todos, e deben poñerse en valor tamén como vía de comunicación da cornisa cantábrica, en lugar de manterse en declive que padece hai anos. Pide en consecuencia o apoio de todos para reivindicar esta infraestrutura, porque non todo debe ser AVE e a liña de FEVE ten unha utilidade importante na zona, por exemplo paa o transporte de estudantes aos centros educativos de Ferrol e Narón

O Sr. Romero interven de seguido amosando o seu acordo co exposto polo Sr. Lourido, engadindo que neste caso, a actividade das administracións tamén xenera unha certa garantía de uso mínimo das infraestructuras de transporte ferroviario, o que supón unha garantía de rendibilidade mínima. Di tamén que solicitar a transferencia dunha competencia deficitaria non se considera procedente polo seu partido, polo que solicitan o voto separado dos dous puntos da parte dispositiva, de maneira que poidan apoiar a petición comprendida no punto primeiro e non a do punto segundo.

O Sr. Soto interven novamente para dicir que non tódalas liñas son deficitarias, e que a rendibilidade tamén está relacionada coa calidade e rapidez do servizo, polo que sen investir o necesario non se incrementará o uso do tren, pero en calquera cas, a súa petición de transferencia da competencia conlevaría a dos medios económicos necesarios para a súa aplicación. En calquera caso, non hai problema en votar separadamente os dous puntos da parte dispositiva.

Toma a palabra finalmente o Sr. Alcalde para expresar o seu desexo de que se poida facer como en outros territorios nos que a transferencia da competencia permitiu poñer en funcionamento un modelo eficaz de trens de cercanías.

Sometido de seguido a votación ordinaria o primeiro punto da parte dispositiva desta

moción, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar ese punto da moción de que se trata.

Sometido de seguido a votación ordinaria o segundo punto da parte dispositiva deste moción, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dous votos contrarios, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar o segundo punto da moción de que se trata.

NOVENO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Romero formula o rogo de que se indiquen nos acordos de outorgamento de licencias ou comunicacions previas pola Xunta de Goberno os presupostos das obras que se autoricen ou supervisen.

O Sr. Alcalde di que non hai inconveniente, e que se darán as instrucións oportunas a tal finalidade.

Pregunta de seguido o Sr. Romero polas antigas escolas unitarias convertidas en vivendas que están disponibles para adquirir, mediante subasta, e se o Concello ten plans respecto a elas.

O Sr. Alcalde resposta que non hai ofertas de compra e que se está a estudar a posibilidade xurídica doutras formas de alleamento distintas da venda, como un aluguer con dereito a compra ou algo similar.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta e oito minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,